



[www.serradogalinheiro.org](http://www.serradogalinheiro.org)

**PLATAFORMA  
POLA PROTECCIÓN  
DA SERRA DO GALIÑEIRO**

**XUNTA DE GALICIA – DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA**

**Xefatura Territorial da Consellaría de Economía e Industria**

**Avda. Fernández Ladreda, 43 - 5ª planta**

**36003 PONTEVEDRA**

**Vincios, de outubro de 2012**

**Asunto:**

Resolución de 28 de xuño de 2012, publicada no DOG do luns 17 de setembro de 2012, pola que se somete a información pública a presentación do permiso de investigación Galiñeiro 3128, nos concellos de O Porriño e Mos, por parte da sociedade *Consulting de Geología y Minería, S.L. (CGM)*

**Presentación:**

\_\_\_\_\_, con D.N.I. nº \_\_\_\_\_, e domicilio a efectos de notificación no Centro Cultural de Vincios, Barrio de Piñeiro s/n, Vincios – Gondomar, actuando en representación da *Plataforma pola Protección da Serra do Galiñeiro* e de todas as asociacións e colectivos que a compoñen, segundo a relación seguinte:

***ADEGA; Amigos da Terra; A Ría Non Se Vende; Asociación A Groba; Asociación Cultural Berra Val Miñor; Asociación Cultural O Pedraghullo (Val Miñor); Asociación Cultural, Deportiva e Ecoloxista Treze-Catorze (Salceda de Caselas); Asociación Galega de Apicultura (AGA); Asociación Pena Cabalaria (Bembribe); Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello (Vigo); Asociación Veciñal Parroquia de Chenlo.es; Asociación de Veciños de Valladares; Asociación de Veciños de Vincios; Centro Cultural As Pedriñas (Tameiga-Mos); Centro Social Faísca; Centro Social Revolta; Clube Espeleolóxico Maúxo; Clube de Montaña e Escalada Azimut; Clube de Montaña Xistra; Clube Montañeiros Celtas; Clube Pena Trevinca-Montañeiros De Galicia; Comunidade De Montes VMC de Chaín; Comunidade de Montes VMC de Couso; Comunidade de Montes VMC de Valladares; Comunidade de Montes VMC De Vincios; Federación Veciñal Eduardo Chao (Vigo); Federación Galega de Montañismo; Festa da Prehistoria (Mos); Instituto de Estudos Miñoranos (IEM); Mundo Mineiro-ETSIM (Vigo); Outro Vigo é Posible; Permacultura Eiras do Minho; Plataforma pola Defensa da Ría De Vigo Cíes; Salvemos Monteferro; S.O.S. Groba; Verdegaiá,***

por ser lexítimo o seu interese, e ao amparo da lexislación vixente, **COMPARECE** e presenta este documento de **ALEGACIÓNS** á solicitude do permiso de investigación citado.

## ÍNDICE

- 1º.- O proxecto vulnera a ordenación urbanística dos concellos afectados, o réxime de protección do solo rústico e o propio carácter do monte comunal.
- 2º.- O proxecto ameaza directamente varios núcleos de poboación.
- 3º.- A empresa mostra un profundo descoñecemento da zona afectada e dos seus valores ambientais, sociocomunitarios, socioeconómicos, etnográficos, identitarios, paisaxísticos e simbólicos.
- 4º.- A actividade ocasionaría un grave impacto paisaxístico.
- 5º.- A actividade afectaría a importantes valores ecolóxicos.
- 6º.- A actividade afectaría ao patrimonio arqueolóxico e histórico, e a solicitude de permiso de investigación carece do proxecto arqueolóxico preceptivo.
- 7º.- A solicitude de permiso de investigación non aborda a afección ambiental das prospeccións.
- 8º.- O proxecto exclúe a participación social.
- 9º.- O proxecto entra en contradición coa proxectada ampliación do Parque Natural do Monte Aloia.

## SOLICITUDE FINAL E SINATURA

### ANEXO I:

Hábitats e Especies da Serra do Galiñeiro catalogados Na Directiva 92/43/CEE

## **1º.- O proxecto vulnera a ordenación urbanística dos concellos afectados, o réxime de protección do solo rústico e o propio carácter do monte comunal.**

A apertura dunha explotación mineira a ceo aberto, obxectivo último do permiso de investigación solicitado pola sociedade CGM, vulnera o ordenamento urbanístico dos dous concellos afectados e o propio carácter do monte comunal.

### **Concello do Porriño:**

Neste concello encóntrase a maior parte da superficie do proxecto. O PXOM de Porriño, con data de 26.06.2003, clasifica a maior parte destes terreos como **solos rústicos especialmente protexidos**, incluíndo unha importante superficie de **solo rústico de especial protección de espazos naturais**. O réxime de aplicación neste tipo de solo está establecido na Lei 9/2002 de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, nos artigos 31 a 39. Nos **solos rústicos de especial protección de espazos naturais** e nos **solos rústicos de especial protección das augas** -existe unha zona con esta clasificación, no nacente do río de Chenlo- prohíbese de maneira expresa a explotación mineira.

No interior da zona afectada existen dous núcleos rurais, evidentemente clasificados como solo de núcleo rural. Tampouco neste caso están permitidas as explotacións mineiras, por razóns obvias.

A zona afectada inclúe **solos rústicos de especial protección forestal**, sobre os que a lei establece: *“ten por finalidade principal preservar os terreos de alta produtividade e garantir a utilización racional dos recursos naturais e o desenvolvemento sostible”*. Obviamente, non é compatible a produción forestal actual, que permite a utilización sostida e sostible dos recursos naturais, cunha explotación mineira, que atentaría directamente contra os valores naturais que ampara esta figura de ordenación do territorio.

### **Concello de Mos:**

Conta cunhas Normas de Planeamento Municipal aprobadas no ano 1992. A zona pertencente a este concello está clasificada como **solo rústico de especial protección forestal**, rexindo para o mesmo análogas condicións ás que sinalamos para o concello do Porriño.

A área afectada polo proxecto inclúe, ademais, diversos elementos patrimoniais recollidos nas citadas Normas. Así, no Plano nº 7 -escala 1:5000- sinálase a existencia dun castro da Idade do Ferro dentro da zona de investigación solicitada: o castro de Erville. Dentro desta mesma zona existe un núcleo tradicional -Erville- e a Ermida das Neves. Como detallamos posteriormente, existen tamén puntos correspondentes a dólmenes e restos romanos. Encontrámonos, polo tanto, dentro dunha área de sensibilidade patrimonial.

### **Monte Veciñal en Man Común:**

A zona destinada á investigación inclúe unha importante superficie de monte comunal. Consideramos como gravísima a posibilidade de que este proxecto de investigación se leve adiante, e sobre todo que da devandita exploración poida resultar a apertura dunha explotación mineira a ceo aberto. De levarse a cabo, suporía a recualificación do monte veciñal, que deixaría de considerarse como solo de explotación agro-gandeira e/ou forestal, e pasaría a transformarse en solo industrial.

Tal cambio na cualificación das terras atendería tan só aos intereses dunha empresa privada. Consideramos como prevalente a figura de “Monte Veciñal en Man Común” de Galicia, como forma secular de propiedade xermánica do común dos veciños e veciñas, que cumpre unha función social dentro e fóra do ámbito da parroquia, e que en ningún caso pode ser suprimida por unha entidade puramente mercantil e de ámbito transnacional, que procura un beneficio exclusivamente privado e non de tipo social.

## **2º.- O proxecto ameaza directamente varios núcleos de poboación**

A Xunta de Galicia non pode permitir que esta sociedade inicie os trámites dunha actividade extractiva cun altísimo impacto ambiental e social, que afectaría directamente a varios núcleos tradicionais densamente poboados, como son os lugares de Avelenda, O Saramagal e Figueiras.

As 10 cuadrículas mineiras solicitadas inclúen no seu interior diversos núcleos de poboación e áreas colindantes. A apertura dunha mina a ceo aberto dentro desta área non podería gardar en ningún caso a distancia mínima de 2000 m. esixida respecto ás vivendas máis próximas, como correspondería a unha actividade considerada como “Molesta, Insalubre e Perigosa”. Canteiras a ceo aberto e vivendas son mutuamente excluíntes.

Por outro lado, unha actividade destas características ocasionaría un contínuo entorpecemento da circulación viaria polo transporte de terras e escombros, incidindo de forma particular na vía que une o Val da Louriña co Val Miñor, dúas das áreas máis densamente poboadas da comarca.

## **3º.- A empresa mostra un profundo descoñecemento da zona afectada e dos seus valores ambientais, sociocomunitarios, socioeconómicos, etnográficos, identitarios, paisaxísticos e simbólicos**

A empresa, completamente allea á nosa realidade, e descoñecedora do noso territorio -como queda demostrado no documento-, fai unha descrición do **hábitat** do entorno dos vértices (“en su mayoría pequeñas aldeas”) que non se corresponde coa realidade. Estas “pequenas aldeas” pertencen en realidade á área territorial do contorno de Vigo e, se ben presentan unha morfoloxía rural, tanto pola densidade como pola actividade económica da súa poboación teñen un carácter *rururbano*.

O descoñecemento por parte da empresa de todo o que significa esta serra para as poboacións limítrofes aparece moi ben recollido na páxina 9 cando di que o Galiñeiro só se utiliza con fins recreativos para actividades ao aire libre, ignorando os seus valores sociais, ambientais e etnográficos, e o fondo significado identitario, paisaxístico e simbólico desta serra, non só para as poboacións limítrofes, senón para toda a área territorial de Vigo, con cerca de 500.000 habitantes.

Consideramos que a Xunta de Galicia comete unha irresponsabilidade ao permitir que unha empresa privada, completamente allea á nosa realidade, e descoñecedora do noso territorio, como queda demostrado no documento, inicie os trámites dunha actividade extractiva de tan grave repercusión ambiental e social. Consideramos que os intereses da sociedade *Consulting de Geología y Minería, S.L (CGM)* gozan dun trato parcial e interesado por parte da Administración, e constatamos que os intereses socio-comunitarios e económicos que dende séculos veñen

desempeñando as zonas rurais e os Montes Comunais nas nosas parroquias son, unha vez máis, menosprezados.

#### **4º.- A actividade ocasionaría un grave impacto paisaxístico.**

Os valores paisaxísticos da Serra do Galiñeiro, conxunto xeomorfolóxico no que se sitúan os 12 vértices da citada investigación, quedarían danados para sempre, sen posibilidade de recuperación posible, xa que a xeomorfoloxía da serra e a complexa interrelación dos elementos que esta inclúe, non poderían nunca ser devoltos ao seu estado orixinal. O impacto visual que esta actividade tería sobre a apreciación da Serra do Galiñeiro dende o Val da Louriña sería crítico, xa que se sumaría ao impacto visual que sofre xa na actualidade O Porriño, pola presenza das canteiras de Budiño na outra ladeira do val.

#### **5º.- A actividade afectaría a importantes valores ecolóxicos.**

**Cursos fluviaís-** Danaría o curso alto do río de Chenlo, afluente do río Louro que desemboca no cauce principal na parroquia de Orbenlle. Unha actividade extractiva a ceo aberto como a que se pretende realizar tras as prospeccións ocasionaría un dano irreparable no ecosistema fluvial. Ademais, neste tramo localízase a maior e máis variada masa de arborado autóctono da serra do Galiñeiro. O proxecto afectaría da mesma maneira ás captacións de auga veciñais situadas nesta área.

**Hábitats de interese comunitario-** A explotación poría en perigo a existencia de diversos hábitats incluídos na Directiva 92/43/CEE. A súa presenza serviu de base para a presentación por esta mesma Plataforma dunha solicitude de inclusión da Serra do Galiñeiro na Ampliación da Rede Natura 2000. Esta solicitude está a ser estudada actualmente pola Comisión de Peticións do Parlamento Europeo. Cabe citar, como un dos hábitats máis afectados, as “Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*”, Código 9230.

(Consúltese, a este respecto, o Anexo I, apartados A) e B): Hábitats da Serra do Galiñeiro catalogados na Directiva 92/43/CEE).

**Especies catalogadas-** É preciso destacar a afección que sufrirían as especies catalogadas *Narcissus cyclamineus* e *Rana iberica*, incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, ámbalas dúas na categoría de vulnerable. Estas dúas especies contan con importantes poboacións no curso fluvial de Chenlo, e veríanse directamente afectadas pola explotación mineira.

(Consúltese, a este respecto, o Anexo I, apartados C) e D): Especies da Serra do Galiñeiro catalogadas na Directiva 92/43/CEE).

#### **6º.- A actividade afectaría ao patrimonio arqueolóxico e histórico, e a solicitude de permiso de investigación carece do proxecto arqueolóxico preceptivo.**

Constatamos que na zona de estudo do proxecto non se tivo en conta a *Lei 8/1995, do Patrimonio Cultural de Galicia*, nin o que ésta establece no Título III, do Patrimonio Arqueolóxico, artigo 56:

*Bens arqueolóxicos de dominio público, punto 3:*

*"Como medida precautoria, a Consellería de Cultura deberá ordena-lo control arqueolóxico, entendido como a supervisión por un arqueólogo dun proceso de obras que afecten ou poidan afectar un espacio onde se presuma a existencia de restos arqueolóxicos. De ser así, a Administración competente determinará se procede paraliza-las obras ou remocións e ordenar algún tipo de intervención arqueolóxica".*

Nin o que establece o artigo 63 (Intervencións arqueolóxicas por obras en conxuntos históricos, zonas arqueolóxicas ou xacementos catalogados ou inventariados), no seu punto 1:

*"Cando, como requisito previo para a realización de calquera tipo de obra que afecte un conxunto histórico, zona arqueolóxica ou xacementos catalogados ou inventariados, a Consellería de Cultura ou a figura de planeamento vixente determine a necesidade de realizar intervencións arqueolóxicas, o promotor presentará un proxecto arqueolóxico de acordo co que se establece no artigo 61 da presente lei".*

Esta solicitude de investigación carece do proxecto arqueolóxico preceptivo.

Ademáis diso, na área afectada por esta actuación atopamos os seguintes xacementos arqueolóxicos catalogados como BIC pola Consellaría de Cultura: *Castro de Erville, Ermida da Virxe das Neves e Enterramentos Megalíticos*.

Tamén se atopan os xacementos arqueolóxicos presentados no Informe Valorativo: *Prospección da Área Meridional da Serra do Galiñeiro*, realizado por Xosé Lois Vilar Pedreira, do Instituto de Estudos Miñoranos (*expedente do servizo de arqueoloxía: 02.P.576 2010.001 e código SXPA CT 102A 2010/293-0*). Trátase do elemento *Chan de Foxo 01-02-03 (XPGM-025-026-027)*, na parroquia de Chenlo -concello do Porriño, consistente en asentamentos ao ar libre datados no Calcolítico-Bronce, nas inmediacións de xacementos megalíticos.

## **7º.- A solicitude de permiso de investigación non aborda a afección ambiental das prospeccións**

O proxecto despacha nunhas poucas liñas o impacto ambiental que provocarían as sondaxes, limitándose simplemente a enunciar de maneira moi vaga certas xeralidades e recomendacións, sen detallar en todo caso cal sería o protocolo a seguir durante as obras (se é que existe).

No hai constancia de que a Consellería de Industria requirise da Consellería de Medio Ambiente a súa decisión sobre a necesidade de avaliación ambiental das prospeccións, e a figura adecuada para levala a cabo: avaliación de impacto (RDL 1/2008)), avaliación de efectos ambientais ou (D 327/1991) ou avaliación de incidencia ambiental (D 133/2008).

É máis: o documento declara que o impacto maior tería lugar nas últimas fases do proxecto, e establece que as medidas correctoras serían acordadas, posteriormente, pola empresa, directamente coa Administración. Isto contravén a lei e a boa práctica ambiental, e exclúe a participación social, feito que denunciámos a continuación.

## **8º.- O proxecto exclúe a participación social.**

A tramitación do permiso de investigación iníciase sen ningún contacto previo da Xunta de Galicia nin da empresa cos cidadáns potencialmente afectados nin coas organizacións interesadas na defensa do medio ambiente e do patrimonio arqueolóxico e etnográfico.

Ademais, o documento declara que as medidas ambientais correctoras serían acordadas directamente entre a empresa e a Administración. A participación social queda excluída, polo tanto, neste aspecto tan importante do proxecto.

Estes feitos conculca tanto o principio de *democracia participativa* como a *Lei 27/2006, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, á participación pública e ao acceso á xustiza en materia de medio ambiente*.

## **9º.- O proxecto entra en contradición coa proxectada ampliación do Parque Natural do Monte Aloia.**

A ampliación do Parque Natural do Monte Aloia á totalidade da Serra do Galiñeiro é un obxectivo compartido polos concellos integrados neste espazo natural e por un grande número de colectivos sociais, como se ten demostrado polas numerosas adeseións colleitadas desde o ano 2008. A protección medioambiental da Serra do Galiñeiro transcende así o ámbito local para erixirse nun obxectivo estratéxico a nivel do conxunto da Área Metropolitana de Vigo. Así o percibimos desde a Plataforma pola Protección da Serra do Galiñeiro, cando observamos a firme reacción do tecido social e das propias institucións locais perante aqueles proxectos que comprometen a conservación da serra do Galiñeiro e dos seus numerosos valores naturais e culturais.

Desde o punto de vista económico, a protección deste espazo natural xeraría numerosas oportunidades e actividades económicas no sector terciario, que se verían gravemente comprometidas de permitirse a instalación dunha explotación tan impactante a nivel social e medioambiental.

Como consecuencia de todo o expresado ao longo destas alegacións,

**SOLICITA**

Que a Administración denegue a solicitude á empresa, atendendo ao ben común, á necesaria ampliación do Parque Natural do Monte Aloia e ao desenvolvemento de actividades económicas sostibles na Serra do Galiñeiro.

**Vincios, de outubro de 2012.**



-----  
**DNI** -----



## ANEXO I

### HÁBITATS E ESPECIES DA SERRA DO GALIÑEIRO CATALOGADOS NA DIRECTIVA 92/43/CEE.

A Serra do Galiñeiro alberga os seguintes hábitats e especies catalogados na Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (DO L 206 de 22.7.1992, p. 7):

**A) Hábitats catalogados no Anexo I. Tipos de Hábitats Naturais de Interese Comunitario para cuxa conservación é preciso designar zonas especiais de conservación:**

- “Covas non explotadas polo turismo”. Código 8310.
- “Desprendementos rochosos”. Código 8130.
- “Rochas silíceas con vexetación pioneira”. Código 8220.
- “Pendentes rochosas con vexetación casmofítica”. Código 8230.
- “Breixeira seca europea, subtipo breixeira atlántica con *Erica* e *Ulex*”. Código 4030 (Subtipo 31.23).
- “Breixeira seca europea, subtipo ibero-atlántico”. Código 4030 (Subtipo 31.24).
- “Breixeiras oromediterráneas endémicas”. Código 4090.
- “Turbeira de transición”. Código 7140.
- “Ríos de piso colino a montano, con vexetación de *Ranunculus fluitantis*”. Código 3260.
- “Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*”. Código 9230.

**B) Hábitats catalogados no Anexo I. Tipos de Hábitats Naturais de Interese Comunitario para cuxa conservación é preciso designar zonas especiais de conservación considerados prioritarios:**

- “Breixeira húmida atlántica temperada con *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*”. Código 4020.

**C) Especies Catalogadas no Anexo II. Especies Animais e Vexetais de Interese Comunitario para cuxa conservación é preciso designar zonas especiais de conservación:**

- *Rhinolophus ferrumequinum.*
- *Rhinolophus hipposideros.*
- *Myotis myotis.*
- *Lacerta schreiberi.*
- *Chioglossa lusitanica.*
- *Discoglossus galganoi.*
- *Narcissus cyclamineus.*

**D) Especies Catalogadas no Anexo IV. Especies Animais e Vexetais de Interese Comunitario que requiren unha protección estricita:**

- *Lacerta schreiberi.*
- *Chioglossa lusitanica.*
- *Discoglossus galganoi.*
- *Alytes obstetricans.*
- *Rana iberica.*
- *Bufo calamita.*
- *Narcissus cyclamineus.*